

1. Identificación da programación
Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|----------|---------------|----------|---------------|
| 36015159 | Chan do Monte | Marín | 2022/2023 |

Ciclo formativo

| Código da familia profesional | Familia profesional | Código do ciclo formativo | Ciclo formativo | Grao | Réxime |
|-------------------------------|-----------------------------|---------------------------|------------------------------------|---------------------------------|-------------------|
| IFC | Informática e comunicacións | CMIFC01 | Sistemas microinformáticos e redes | Ciclos formativos de grao medio | Réxime de adultos |

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

| Código MP/UF | Nome | Curso | Sesións semanais | Horas anuais | Sesións anuais |
|--------------|-----------------|-----------|------------------|--------------|----------------|
| MP0228 | Aplicacións web | 2022/2023 | 5 | 123 | 147 |

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

| | |
|--------------------------------|---|
| Profesorado asignado ao módulo | BENITO SÁNCHEZ MINIÑO, LAURA PÉREZ SÁNCHEZ (Subst.) |
| Outro profesorado | |

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

A contextualización permite concreta-la programación que así se acerca máis á realidade das aulas; esta concreción vai proporcionar recursos para facer unha programación máis persoal.

O desenrolo curricular deste módulo profesional fíxose tomando como referencia o Centro educativo IES Chan do Monte e o ámbito produtivo da súa zona de influencia.

Este módulo profesional contén a formación necesaria para desempeñar a función de instalación, configuración e utilización de aplicacións web, o que abrangue aspectos como:

- * Relación das aplicacións web con internet.
- * Desenrolo de páxinas web estáticas.
- * Identificación das principais aplicacións web.
- * Instalación das aplicacións.
- * Mantemento de usuarios.
- * Asignación de permisos.
- * Uso das aplicacións instaladas.

As actividades profesionais asociadas a estas funcións aplícanse en:

- * Deseño de páxinas web.
- * Instalación, configuración e mantemento de aplicacións informáticas.
- * Asistencia no uso de aplicacións informáticas.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

| U.D. | Título | Descrición | Duración (sesións) | Peso (%) |
|------|-----------------------------|---|--------------------|----------|
| 1 | Internet y aplicaciones web | Contextualiza as aplicacións web na rede internet | 11 | 7 |
| 2 | HTML | Introduce a linguaxe de marcas | 45 | 29 |
| 3 | CSS | Introduce a linguaxe de estilos | 45 | 29 |
| 4 | A web 2.0 | Introduce a web 2.0 | 10 | 6 |
| 5 | Word Press | Instalar e administrar o xestor de contidos WP | 36 | 29 |

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|-----|-----------------------------|----------|
| 1 | Internet y aplicaciones web | 11 |

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|---|----------|
| RA1 - Instala xestores de contidos configurados consonte certos requisitos, e identifica as súas aplicacións. | NO |

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|---|
| CA1.1 Estableceuse a utilidade dun xestor de contidos. |
| CA1.12 Identificouse o esquema de funcionamento de un servidor web. |

4.1.e) Contidos

| Contidos |
|--|
| Tecnoloxías web Navegadores Definición dos conceptos básicos: tipos e características. |

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|-----|--------------|----------|
| 2 | HTML | 45 |

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|---|----------|
| RA1 - Instala xestores de contidos configurados consonte certos requisitos, e identifica as súas aplicacións. | NO |

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|--|
| CA1.13 Analizouse a estrutura dun documento web e identificáronse as súas etiquetas e atributos principais |
| CA1.14 Creáronse e adaptáronse documentos web sinxelos. |

4.2.e) Contidos

| Contidos |
|---|
| Linguaxes de marcaxe para a creación de documentos web. |
| Estrutura dos documentos web |
| Etiquetas e atributos principais das linguaxes HTML e XHTML. |
| Creación e modificación de documentos web sinxelos. |

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|-----|--------------|----------|
| 3 | CSS | 45 |

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|---|----------|
| RA1 - Instala xestores de contidos configurados consonte certos requisitos, e identifica as súas aplicacións. | NO |

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|---|
| CA1.15 Créanse e vinculáronse follas de estilo. |

4.3.e) Contidos

| Contidos |
|--|
| Linguaxes de marcaxe para a creación de documentos web. Follas de estilo. |

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|-----|--------------|----------|
| 4 | A web 2.0 | 10 |

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|--|----------|
| RA1 - Instala xestores de contidos configurados consonte certos requisitos, e identifica as súas aplicacións. | NO |
| RA2 - Instala sistemas de xestión de aprendizaxe a distancia, e identifica a estrutura do sitio e a xerarquía de directorios xerada. | SI |
| RA3 - Instala servizos de xestión de ficheiros web, identifica as súas aplicacións e verifica a súa integridade. | SI |
| RA4 - Instala aplicacións de ofimática web, e identifica as súas características e os seus contornos de uso. | SI |
| RA5 - Instala aplicacións web de escritorio, e identifica as súas características e os seus contornos de uso. | SI |

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|--|
| CA1.1 Estableceuse a utilidade dun xestor de contidos. |
| CA1.1.1 Clasifícanse os xestores de contidos atendendo á súa utilidade principal. |
| CA1.1.2 Analizáronse as funcións comúns aos xestores de contidos. |
| CA1.1.3 Identifícanse criterios de selección dun xestor de contidos. |
| CA1.1.4 Realizáronse buscas e seleccións de xestores de contidos. |
| CA1.12 Identifícouse o esquema de funcionamento de un servidor web. |
| CA1.16 Identifícanse as características e funcionamento específicos dos blogs. |
| CA1.17 Identifícanse as características e funcionamento específicos dos wikis. |
| CA1.17.1 Creouse contido empregando a notación específica do wiki. |
| CA1.18 Analizáronse as tecnoloxías necesarias para a execución de aplicacións web. |
| CA2.1 Instaláronse xestores de aprendizaxe. |
| CA2.2 Recoñeceuse a estrutura do sitio e a xerarquía de directorios xerada. |
| CA2.3 Realizáronse modificacións na estética ou no aspecto do sitio. |
| CA2.4 Manipuláronse e xeráronse perfís personalizados. |
| CA2.5 Instaláronse e configuráronse novos módulos no sitio. |
| CA2.6 Comprobouse a funcionalidade das comunicacións mediante foros, consultas, etc. |
| CA2.7 Importáronse e exportáronse contidos en varios formatos. |

| Criterios de avaliación |
|---|
| CA2.8 Realizáronse copias de seguridade e restauracións. |
| CA2.9 Realizáronse informes de acceso ao sitio e da súa utilización. |
| CA2.10 Comprobouse a seguridade do sitio. |
| CA3.1 Estableceuse a utilidade dun servizo de xestión de ficheiros web. |
| CA3.2 Descríbóronse aplicacións de xestión de ficheiros web. |
| CA3.3 Instalouse e adaptouse unha ferramenta de xestión de ficheiros web. |
| CA3.4 Creáronse e clasificáronse contas de usuario en función dos seus permisos. |
| CA3.5 Xestionáronse ficheiros e directorios. |
| CA3.6 Utilizáronse ficheiros de información adicional. |
| CA3.7 Aplicáronse criterios de indexación sobre os ficheiros e os directorios. |
| CA3.8 Comprobouse a seguridade do xestor de ficheiros. |
| CA4.1 Estableceuse a utilidade das aplicacións de ofimática web. |
| CA4.2 Descríbóronse aplicacións de ofimática web (procesador de textos, folla de cálculo, etc.). |
| CA4.3 Instaláronse aplicacións de ofimática web. |
| CA4.4 Xestionáronse as contas de usuario. |
| CA4.5 Aplicáronse criterios de seguridade no acceso de usuarios. |
| CA4.6 Recoñecéronse as prestacións específicas de cada aplicación instalada. |
| CA4.7 Utilizáronse as aplicacións de xeito colaborativo. |
| CA5.1 Descríbóronse aplicacións web de escritorio. |
| CA5.2 Instaláronse aplicacións para prover de acceso web o servizo de correo electrónico. |
| CA5.3 Configuráronse as aplicacións para as integrar cun servidor de correo. |
| CA5.4 Xestionáronse as contas de usuario. |
| CA5.5 Verificouse o acceso ao correo electrónico. |
| CA5.6 Instaláronse aplicacións de calendario web. |
| CA5.7 Recoñecéronse as prestacións específicas das aplicacións instaladas (citas, tarefas, etc.). |
| CA5.8 Utilizáronse as aplicacións de xeito colaborativo |

4.4.e) Contidos

Contidos**Tecnoloxías web****0Software para a xestión web de MySQL. PHPmyadmin**

Sindicación.

Clasificación dos xestores de contidos atendendo á súa utilidade principal. (CA 1.1.1)

Funcións dos xestores de contidos.**Servidores web. Apache e IIS.****Sistemas xestores de bases de datos. MySQL****Stacks de execución de aplicacións web. BitNami**

Conceptos básicos: tipos e características.

0Activación de funcionalidades.

Realización de copias de seguridade e a súa restauración.

Realización de informes.

Elaboración de documentación orientada á formación de usuarios.

Elementos lóxicos: comunicación, materiais e actividades.

Instalación en sistemas operativos libres e propietarios.

Modos de rexistro.

Interface gráfica asociada.

Personalización do contorno.

Navegación e edición.

Creación de cursos seguindo especificacións.

Xestión de usuarios e grupos.

Conceptos básicos: tipos e características.

0Comprobación da seguridade do xestor.

Instalación.

Navegación e operacións básicas.

Administración do xestor.

Usuarios e permisos.

Tipos de usuario.

Creación de recursos compartidos.

Creación de informes.

Estrutura de directorios seguindo especificacións.

Conceptos básicos: tipos e características.

Instalación.

Contidos

Utilización das aplicacións instaladas.

Xestión de usuarios e permisos asociados.

Comprobación da seguridade.

Realización de informes.

Elaboración de documentación orientada á formación.

Conceptos básicos: tipos e características.

Aplicacións de correo web.

Aplicacións de calendario web.

Instalación.

Xestión de usuarios.

Elaboración de documentación orientada á formación.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|-----|--------------|----------|
| 5 | Word Press | 36 |

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|---|----------|
| RA1 - Instala xestores de contidos configurados consonte certos requisitos, e identifica as súas aplicacións. | NO |

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|--|
| CA1.1 Estableceuse a utilidade dun xestor de contidos. |
| CA1.2 Identificáronse os requisitos para instalar xestores de contidos. |
| CA1.3 Realizáronse instalacións de xestores de contidos. |
| CA1.3.1 Realizáronse instalacións do xestor de contidos WordPress. |
| CA1.4 Xestionáronse usuarios con diversos papeis. |
| CA1.5 Personalizouse a interface do xestor de contidos. |
| CA1.5.1 Personalizouse a interface do xestor de contidos WordPress |
| CA1.6 Realizáronse tarefas de actualización do xestor de contidos, nomeadamente as de seguridade. |
| CA1.7 Instaláronse e configuráronse os módulos e os menús necesarios. |
| CA1.8 Activáronse e configuráronse os mecanismos de seguridade achegados polo propio xestor de contidos. |
| CA1.9 Habilitáronse foros e establecéronse regras de acceso. |
| CA1.10 Realizáronse probas de funcionamento. |
| CA1.11 Realizáronse copias de seguridade dos contidos do xestor. |

4.5.e) Contidos

| Contidos |
|---|
| <p>Software para a xestión web de MySQL. PHPmyadmin</p> <p>Instalación en sistemas operativos libres e propietarios.</p> <p>Instalación de WordPress en sistemas operativos libres e propietarios.</p> <p>Creación de usuarios e grupos de usuarios.</p> <p>Creación de contidos de distintos tipos.</p> <p>Utilización da interface gráfica.</p> |

Contidos

Personalización do contorno empregando as ferramentas propias do xestor de contidos.

[Personalización do contorno empregando as ferramentas propias do xestor de contidos WordPress](#)

Personalización do contorno empregando linguaxes de marcaxe.

Funcionalidades proporcionadas polo xestor de contidos.

Funcionamento dos xestores de contidos.

Actualizacións do xestor de contidos.

Configuración de módulos e menús.

Informes de accesos.

Mecanismos de seguridade.

Copias de seguridade.

[Servidores web. Apache e IIS.](#)

[Sistemas xestores de bases de datos. MySQL](#)

[Stacks de execución de aplicacións web. BitNami](#)

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

En principio, a avaliación do alumnado será continua, e haberase de ter en conta o grao de consecución dos resultados de aprendizaxe que se especifican nos obxectivos deste módulo.

Durante o desenvolvemento das clases, procederase á observación sistemática e pautada do proceso de aprendizaxe de cada alumno co fin de avaliar o progreso do mesmo en relación ao grao de consecución dos resultados de aprendizaxe descritos no currículo do ciclo formativo.

Valorarase a participación activa, así como a realización, presentación e exposición (de ser o caso), das tarefas encomendadas debidamente documentadas.

Farase unha recollida puntual de exercicios e realizaranse probas puntuais para obter información sobre capacidades ou destrezas concretas como se describe nas UD's correspondentes.

Para acadar unha cualificación o máis obxectiva posible en relación á consecución dos resultados de aprendizaxe do currículo, empregaranse os seguintes instrumentos de avaliación:

* Realización de probas(que poden ser escritas ou prácticas): Na medida do posible, levarase a cabo, polo menos, unha proba escrita por cada unidade didáctica ou ben agrupando algunhas unidades didácticas con contidos relacionados, de xeito que se poida facer un seguimento individualizado da asimilación dos contidos impartidos e o grao de consecución dos obxectivos do módulo.

Nas probas escritas valorarase principalmente a sinxeleza, claridade e comprensión dos procedementos asociados. Para superar cada proba realizada, será necesario acadar un mínimo de 5 puntos sobre 10.

* A participación e traballo diario nas clases así como a realización dos exercicios propostos (dentro do prazo previsto), serán valorados cun máximo de 2 punto e un mínimo de 0 puntos (20% da nota de avaliación)

Sen previo aviso poderanse recoller algunhas das tarefas que se desenvolven na clase para valorar o grao de consecución dos obxectivos de cada un dos alumnos.

* Para que o alumno sexa cualificado positivamente, será necesario acadar un mínimo de 5 puntos en cada unha das unidades didácticas. A non superación dunha unidade didáctica, nin nos exames ordinarios, nin nas correspondentes recuperacións, suporá unha cualificación final inferior a 5 (aínda cando a media global supere esta nota). A cualificación de cada avaliación obterase da suma das seguintes porcentaxes:

- 80% da nota será a media aritmética das notas obtidas.

- 20% da nota corresponderá ao traballo diario na clase e a realización e presentación dos exercicios propostos.

Os alumnos que superen todas as avaliacións parciais cunha nota igual o superior a cinco, terán o módulo superado e a cualificación da avaliación final (que coincidirá coa da terceira avaliación segundo a normativa), será a media aritmética das obtidas nas avaliacións.

Os alumnos que teñan pendentes de recuperar algunha unidade didáctica, na terceira avaliación parcial terán unha cualificación inferior a 5 e abrirase un período de recuperación segundo o procedemento indicado no apartado 6 desta programación.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Con carácter xeral, a recuperación das unidades didácticas realizarase na avaliación previa ao acceso á FCT. O profesor estará á disposición dos alumnos para resolver consultas puntuais sobre os contidos pendentes para facilitar a recuperación destes.

Haberá unha proba de recuperación, de natureza práctica ou escrita, por cada proba realizada durante o curso correspondente a unha unidade didáctica o a un grupo delas. O alumno só terá que realizar aquelas probas de recuperación das unidades didácticas pendentes de superar.

Para que o módulo sexa avaliado positivamente, o alumno deberá superar cunha cualificación igual o superior a 5 todas as probas de recuperación realizadas. A non superación dunha proba de recuperación suporá unha cualificación inferior a 5 na nota final, e polo tanto o módulo será avaliado negativamente.

Si o alumno supera todas as probas de recuperación, a nota final será a media aritmética das notas de cada proba superada durante o curso e das notas das probas de recuperación, penalizado o valor destas últimas nun 20%.

Opcionalmente o profesor poderá realizar probas de recuperación ao longo do curso, de aquelas unidades didácticas ou grupo delas onde observe

que houbo unha maior dificultade; consideraranse superadas estas probas de recuperación si se alcanza unha puntuación igual o superior a 5.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Os alumnos que falten máis dun 10% das horas totais do módulo perderán o dereito á avaliación continua. Para superar o módulo, deberán someterse a unha proba final ao final do ciclo. A devandita proba das seguintes partes:

* UD1 UD2

* UD3

* UD4 UD5

Será preciso superar todas as partes por separado para aprobar o módulo.

A cualificación final do módulo resultará da media aritmética entre todas as partes no caso de telas superadas todas.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Realizarase un control para comprobar que a programación adáptase ás características do alumnado, indicando o grao de cumprimento dos obxectivos de cada unidade, así como unha adaptación nos tempos previstos para cada unha das unidades.

Valorarase a adecuación do material e recursos das actividades deseñadas, así como as posibilidades de mellora que podan surxir no desenvolvemento de cada unidade

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

O comezo do curso realizarase a avaliación inicial para avaliar os coñecementos previos que os alumnos podan ter desta materia a fin de adecuar estratexicamente o proceso de ensino-aprendizaxe. Se é necesario introduciranse adaptacións na programación do módulo, una vez coñecida a realidade dos alumnos e valorarase a necesidade de adoptar outro tipo de medidas para unha mellor atención á diversidade.

O instrumento de avaliación inicial estará baseado na experiencia profesional do profesor e terá carácter principalmente de tipo observacional para mediante as actividades propostas durante as primeiras semanas do inicio curso, comportamentos e actitudes obter unha fonte de datos que se analizará para tomar as decisións respecto á diversidade que puidera aparecer.

A finais do primeiro mes reuniranse os profesores do equipo docente do curso coa finalidade de describir a situación inicial, deducir as necesidades que aparecen, realizar propostas e tomar decisións conxuntas en torno a un alumno o a un grupo.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

As medidas de reforzo educativo constitúen un continuo de atención á diversidade. Para elo, planificaranse actividades extra para aqueles alumnos aos que lles custe especialmente a consecución dalgún dos obxectivos do módulo.

Favorecerase a colaboración entre compañeiros para axudar a comprender distintos puntos de vista e reforzar o explicado na aula.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Os temas transversais que se atopan en todas as unidades de traballo serán:

- * Coñecemento e respecto pola normativa TIC legal vixente; en especial a Lei de Protección de Datos de Carácter Personal (LOPD)
- * Aprendizaxe permanente ó longo da vida.
- * Explicar ao alumnado a importancia que ten o movemento de *¿Software Libre¿* no desenvolvemento da súa carreira profesional, o contorno produtivo de Galicia e as súas implicacións sociais

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Non está prevista ningunha actividade complementaria.

No caso de que ao longo do curso se celebre algunha conferencia relacionada co módulo nalgunha poboación cercana, valorarase a posibilidade de asistir a esta.

10.Outros apartados

10.1) Información ao alumnado da programación do módulo

O primeiro día de curso farase un resumo da programación ao alumnado indicándolles os obxectivos do módulo, as unidades didácticas nas que se divide o módulo e cómo se van desenvolver as clases, indicándoselles os criterios de cualificación que se van aplicar para obter a nota.

A programación estará a disposición dos alumnos na conserxería do instituto.